



GRAO EN TRABALLO SOCIAL

PREINSCRICIÓN NO PRACTICUM - CURSO 2026/2027

Primeiro cuadrimestre

Condições para realizar a preinscrición:

A Memoria do Plan de Estudos do Grao en Traballo Social establece que é requisito indispensable para matricularse no Practicum, e polo tanto para facer a preinscrición, ter superados 150 créditos básicos e obrigatorios. Entre estes, todos os correspondentes á primeira metade da titulación, é dicir, todas as materias de 1º e 2º curso.

Por outra parte, recoméndase, ademais que se teñan cursadas as seguintes materias de 3º e 4º curso:

- Servizos sociais especializados.
- Traballo social con individuos e familias.
- Soportes documentais e xestión da información en traballo social.
- Deseño e avaliación de proxectos de intervención social.
- Medidas de protección social.
- Xestión e planificación de servizos sociais.
- Xestión de organizacións.

1.- Período temporal de realización das prácticas e duración das mesmas:

- Preparación Practicum na EUTS: **martes 8 de setembro de 2026 ás 11:00 h na Aula 3. A asistencia é obrigatoria para poder incorporarse ao servizo.**
- Prácticas na institución: **desde o 9 de setembro ata o 18 de decembro de 2026** (450 horas de prácticas na institución o que supón unha media diaria de 6,5 horas).

2.- **Criterios de selección:** A asignación da praza efectuarase en virtude da puntuación obtida pola suma dos seguintes criterios:

- Lugar de residencia do/a estudante ou situación asimilada¹, a estimar pola Comisión para asignación de prazas do Practicum: **10 puntos.**
- Nota media simple do expediente académico (ata un máximo de **10 puntos**).
- Ter **aprobada** a materia optativa vinculada ao campo de prácticas solicitado, sempre e cando proceda: **1 punto.** (No caso de que dous estudantes obteñan a mesma puntuación, a praza de prácticas asignarase ao que teña maior puntuación na materia optativa).

NOTA: algunhas entidades teñen establecido que o estudantado que queira realizar prácticas, ten que pasar unha entrevista previa. Na oferta de prazas está indicado isto nos centros que o teñen establecido.

Algunhas entidades teñen un horario “especial” (quendas de tarde, fins de semana, número de horas de presenza ao día superior á media, etc). Estas situacións indicaranse ao pe de páxina na oferta pública de prazas.

3.- **Órgano encargado da asignación de prazas:** Comisión de Título de Grao en Traballo Social.

4.- **Órgano ou persoa responsable na entidade colaboradora:** Traballador/a social do servizo e/ou Departamento de Servizos Sociais da entidade.

5.- **Persoa responsable da Escola:** Coordinadora do Practicum: M^a Elena Puñal Romarís.

6.- Documentación a presentar:

- Solicitud no modelo específico establecido polo centro no que figure o NUSS (Nº afiliación á Seguridade Social do/a estudante).
- Expediente actualizado (descargado da Secretaría Virtual da USC) no que conste a **NOTA MEDIA.**
- Certificado de Delitos Sexuais.
- Ficha do/a estudante en modelo específico a descargar na web.

¹ Considéranse situacións asimiladas á residencia aquelas que por motivo de traballo, incompatibilidades establecidas pola Escola (relación de parentesco con persoas do servizo ou que o/a estudante sexa usuario/a do mesmo ou algún membro da súa familia), o insuficiente número de prazas no seu lugar de residencia, e calquera outra circunstancia que a criterio da Comisión de Título xustifique a asignación de prácticas noutro lugar distinto ao de residencia.



Para acreditar lugar de residencia ou situación asimilada é necesario entregar a documentación que se relaciona, en cada caso:

- Para acreditar o lugar de residencia:
Considerarase lugar de residencia o que conste na documentación de matrícula no curso anterior ao que se solicita a asignación de prácticas. A Comisión de Título, poderá requirir posteriormente, certificado de empadramento nos casos que se valore oportuno verificar o mesmo. Neste caso, no certificado ten que constar o empadramento nos dous anos anteriores á solicitude de praza no Practicum.
- Para acreditar situación asimilada:
 - Por motivo laboral: contrato de traballo selado pola Oficina de Emprego ou certificado de alta na Seguridade Social.
 - Por incompatibilidades establecidas pola EUTS: declaración responsable, no modelo dispoñible na web.

7.- **Prazo de solicitude: do 30 de xuño ao 2 de xullo de 2026.** A presentación da solicitude de asignación de praza de prácticas supón a aceptación por parte do/a estudante das condicións que se establecen na presente convocatoria.

8.- **Lugar de presentación:** poderá enviarse por correo electrónico a: practicum@euts.es, ou entregar presencialmente na Secretaría da EUTS en horario de mañá.

9.- **Publicación da listaxe provisoria de asignación de prazas: 7 de xullo de 2026.**

Unha vez publicada a listaxe, abrirase un prazo de **5 días hábiles** para presentar reclamacións (do 8 ao 14 de xullo).

10.- **Publicación da listaxe definitiva: 15 de xullo de 2026.**

Unha vez publicada a listaxe definitiva, o estudantado ten que entregar a **“Declaración de parentesco”** en relación ao centro asignado .

11.- **Prazo de matrícula: entregar matrícula na EUTS con data límite o 23 de xullo de 2026.**

12.- **Perda do dereito á realización das prácticas:** Un/a estudante poderá perder o dereito á realización das prácticas no centro asignado, por algún dos seguintes motivos:

- Non incorporarse na data acordada e/ou incumprir o horario previsto.
- Incumprir ou non respectar o sistema organizativo da entidade.
- Baixo grao de aproveitamento da aprendizaxe.
- Non gardar o debido coidado respecto dos asuntos que coñeza no desenvolvemento da práctica.
- Falta de asistencia non xustificada.
- Interferencia co desenvolvemento do traballo do centro.
- Causar intencionadamente danos a persoas, instalación e/ou bens durante a realización das prácticas.
- Calquera outro acto, comportamento ou actuación de gravidade.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2026